

A DEVOCIÓN POPULAR NO SANTUARIO DA VIRXE DA SAÚDE DE FRAMEÁN (MONTERROSO) (LUGO).

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

Publicado na Revista "Croatia", nº 21, 2011, Castro de Viladonga (Castro de Rei) (Lugo)

Sobre o concepto de devoción popular hai moita confusión e ambigüidade. Así fálase do catolicismo popular, da relixión popular, da piedade popular, da fe popular, etc. Isto motiva que sexa difícil definir a relixiosidade do pobo, xa que é todo un mundo de sentimentos, ritos, manifestacións prácticas, etc.¹

Sen embargo, pobo, como todo seus rasgos especiais. e manifesta a fe dun relixiosidade popular folclóricos e manifestacións da humano.

"Una popular cuando se pueblo y expresa el



a relixiosidade de cada fenómeno vivo, ten os Cada comunidade vive xeito propio. A vai ligada a elementos populares, que son identidade dun grupo

religiosidad es configura con ese sentir del mismo".²

CRUCEIRO DE FRAMEÁN

É parte da cultura, dun modo de pensar e de vivir. Por elo, e para comprendela, se cadra sexa conveniente ter en conta o pasado, o que na actualidade lle rodea, os rasgos do lugar, o estilo das persoas, como viviron o cristianismo, que é o que herdaron dos séculos pasados, que é o que cada unha das xeracións recibiu e aportou. ***"Es popular lo que el pueblo crea. También, lo que recibe, asimila y hace propio".***³

¹ TOSCHI, P. "Guida allo studio delle tradizioni popolari". *Serie di Antropología, etnología e religione*, 5ª ed, Boringheri, Torino, 1974, páx. 24.


² D. BOROBIO. *Religiosidad popular en la renovación litúrgica; criterios para una valoración*, Phase 89, Barcelona, 1975, páx. 34.

³ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo. *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. B.A.C, Madrid, 1976,

Polo tanto a relixión de cada grupo humano é unha colección viva de cantos, ritos, vivencias, que un pobo vai xuntando ó longo da súa historia.

CONCELLO DE MONTERROSO

SANTUARIO DA VIRXE DA SAÚDE (FRAMEÁN)



AUTOR: JOSÉ CANCIO FERNÁNDEZ

I. ALGÚNS DATOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO CONCELLO DE MONTERROSO E DA PARROQUIA DE SAN PEDRO DE FRAMEÁN.

O concello de Monterroso encóntrase no occidente da provincia de Lugo, formando parte da comarca de A Ulloa e do partido xudicial de Chantada⁴.

Na antiguidade o municipio era atravesado pola vía XIX do itinerario Antonino, que unía Lugo con Astorga. Dende a idade media, o extremo septentrional do concello é atravesado en Ligonde polo camiño de Santiago. Ao longo do antigo réxime as terras de Monterroso repartíanse entre as xurisdiccións do mesmo nome e a Ulloa, dirixidas polo conde de Monterrei. Foi no ano 1841 cando se creou o actual municipio monterrosino.



A poboación deste concello esta distribuída en 108 entidades de poboación, reunidas nunha trintena de parroquias⁵, que ocupan 114,13 km². Distínguese por dúas fases: unha de crecemento ata o ano 1940, na que acadou o máximo demográfico, e outra na que se impuxo un moderado retraso poboacional.

A orientación da súa economía agraria, basicamente gandeira, está reflectida na presenza de importantes cooperativa⁶. A actividade industrial, representada pola fábrica de mármois e granitos de Vilar, por unha de utillaxe

SANTUARIO DA VIRXE DA SAÚDE

agrícola, outra de conservas e ultraconxelados de Monterroso, e ademais por algúns talleres de cantería, curtidos e carpintería incrementou a súa relevancia no concello cun 17,6% de man de obra⁷. Finalmente o sector servicios dá ocupación ao 47,1% da

⁴ ROMÁN DÍAZ, Berta: "Monterroso", en *Galicia, pueblo a pueblo*, La Voz de Galicia, 1993, páx. 805.

⁵ Parroquias de Arada, Bidouredo, Cimbraos, Fente, Ferreiros, Frameán, Fufín, Gundín, Lavandelo, Leborei, Ligonde, Lodoso, Marzán, Milleiros, Monterroso, Novelúa, San Lourenzo, Santa Mariña de Pedraza, Penas, Pol, Salgueiros, Sambreixo, Bispo, Satrexas, Sirgal, Sucastro, Tarrío, Balboa, Vilanova y Viloíde.

⁶ Nesta actividade económica atopou traballo o 43,75% dos traballadores do concello.

⁷ Varios: *Galicia en Comarcas. Chantada e a Ulloa*, Ir Indo, Vigo, 2005, páxs. 144-145.

poboación, que derivan en ocupacións de carácter xurídico-administrativo, educativo e comercial.

Polo que respecta a San Pedro de Frameán, sabemos que a efectos civís é unha parroquia do concello de Monterroso, pertencente a comarca de A Ulloa e provincia de Lugo. A efectos eclesiásticos é unha freguesía anexa da parroquia de San Breixo, integrada no arciprestado de Monterroso e na diócese de Lugo.

No ano 2007 contaba con 107 habitantes, distribuídos nas entidades de poboación de San Pedro e Parteme de Abaixo. Na primeira delas encóntrase a igrexa parroquial, que funciona como tal case todo o ano agás o primeiro sábado e domingo de setembro⁸.

II. O CONCEPTO DO SANTUARIO.

O santuario é simbolizado por capela ou igrexa acoden devotos só á comunidade se empraza o tamén doutras. Neste último caso dun xeito individual

Polo tanto, alusión a un espacio William Christian



un lugar de culto unha ermida, parroquial, ao que pertencentes non parroquial na que santuario senón comunidades⁹. adoitaban acudir ou colectivo.

podemos facer xeográfico, ao que denomina

DEVOTA DESCALZA DIANTE DA VIRXE DA SAÚDE

“territorio de gracia”¹⁰, sobre o que un santuario proxecta a súa influencia en función do poder de convocatoria que exerce a súa imaxe sagrada en cuestión. Este territorio –segundo Carme Pernas– pódese reducir a un ámbito

⁸ Neses días celébrase a festividade da Virxe da Saúde.

⁹ BLANCO PRADO, J. M: *Exvotos e rituais nos Santuarios lucenses*. Lugo: Deputación Provincial, 1996, pág. 13.

¹⁰ WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr: “De los santos a María: panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la Edad Media hasta nuestros días”, en *Temas de Antropología española*, Madrid: Akal, 1976.

parroquial, municipal, comarcal, ou mesmo rexional e extra-rexional, que é o menos frecuente¹¹.

Os devotos veñen a este recinto sagrado por un dobre obxectivo:

1. Pregar da imaxe sagrada¹² a súa intercesión ante determinadas peticións de índole material –prevención e sandación de doenzas, boas colleitas, facenda familiar etc.– e de carácter espiritual.

2. Cumprir unha serie de promesas á devandita imaxe logo de que lles concedese as rogativas solicitadas.

“Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva”¹³.



DETALLE DA VIRXE DA SAÚDE

“Los santuarios son lugares precisos de transformación de la energía divina para utilización humana y de transformación de la energía humana para propósitos divinos”¹⁴

Finalmente nos santuarios podemos apreciar a existencia dunha triple dimensión:

1ª. Espacial. Trátase de lugares que son puntos de encontro, de contacto, de intersección das diversas zonas do real, da heteroxeneidade dos diferentes estratos da realidade (o divino e o humano, o sagrado e o profano)¹⁵. En moitas ocasións, os lugares onde se ubican os santuarios están relacionados con lendas ou aparicións milagreiras de

¹¹ BLANCO PRADO, J. M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en **Rev. Croa**. Asociación Amigos do Castro de Viladonga, nº 12, 2002. Castro de Rei. Lugo. Referencia de Carme Pernas Bermúdez, páx. 71.

¹² A imaxe sagrada está representada por diferentes advocacións de Cristo, a Virxe, e os Santos, que son avogados ante diversos males.

¹³ PRAT I CAROS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en **La Religiosidad popular, III**. Hermandades, Romerías, Santuarios. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

¹⁴ WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr: **Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español**. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 126.

¹⁵ BLANCO PRADO, J. M: **Religiosidad popular en el municipio de Begonte**, Lugo: Deputación provincial, 1991, páx.70.

santos-as, con reliquias... ou mesmo como lugares onde antano se celebraban prácticas pagáns e cultos á natureza...¹⁶.

2ª Temporal. Os santuarios son o eixo unificador dunha serie de ritmos vitais e cósmicos¹⁷. Así nos momentos de transición anual correspondentes cos ciclos solsticiais-equinociais é cando adoitan celebrarse as festividades relixiosas.

3ª Sociolóxica. Nestes recintos sagrados se reflicte o seu sentido de identidade ou pertenza a un grupo por medio dunha serie de rituais. Tamén o seu sentido de integración de cara ao exterior. *“La doble vertiente, hacia adentro, y hacia fuera del área de referencia de cada centro de completa de esta forma, creando una red de relaciones de signo diverso”*¹⁸.

III. DIMENSIÓN RELIXIOSA DO SANTUARIO DA VIRXE DA SAÚDE.

1. DESCRICIÓN ARTÍSTICA DO SANTUARIO.

Trátase dunha igrexa parroquial, de finais do século XII, que conserva a súa planta primitiva. Os seus muros son de sillería disposta en fiadas horizontais e a súa techumbre é de madeira a dúas augas cunha cuberta de tella. Consta dunha nave rectangular, cuxo alero exterior está decorado



DETALLE DO MANTO DA VIRXE DA SAÚDE

con canzoros lisos e xeométricos, e unha ábsida do mesmo trazado e con dimensións máis reducidas. Ambas as dúas estancias están iluminadas por unha pequena ventá de

¹⁶ BLANCO PRADO, J. M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga. nº 12, 2002. Castro de Rei. Lugo. Referencia de Carme Pernas Bermúdez, páx.71.

¹⁷ MALDONADO, Luís: “Los Santuarios en la religiosidad popular”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P. Vasco, Vitoria, 1982, páx. 70.

¹⁸ FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid: Ed. S. XXI, 1984, pax. 259.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980, páx. 93.

arco de medio punto, que se encontra no muro da cabeceira, e amosa un pavimento de laxas graníticas.

No exterior desapareceu a porta principal con motivo das obras realizadas na parte frontal da igrexa. Tiña un arco semicircular con dovelas, colocado directamente sobre as xambas, arquivolta de baquetón, imposta sinxela e unha orde de columnas acodadas con capiteis moi sinxelos.

No interior da igrexa hai un arco triunfal de época posterior, e unhas pinturas murais de finais do século XVI, que apareceron cando se quitaron os retablos centrais e remozaron as súas paredes interiores. As pinturas reflicten dúas esceas do Novo Testamento. Unha delas fai alusión “ao lavatorio dos pés”, mentres que a outra fai referencia “a oración no horto”.

Dos tres retablos existentes só quedan as esculturas de San Pedro cunha gran chave na man esquerda, tiara de tres coroas e capa pluvial; e San Roque, do século XVII¹⁹.

2. A FESTIVIDADE E PROCEDENCIA DOS DEVOTOS.

A festa adicada á Virxe da Saúde celebrouse sempre o primeiro domingo e luns de setembro. Sen embargo hai uns 25 anos sendo párroco



ALTAR CENTRAL DO SANTUARIO MARIANO

D. Ramón Penela Casañé –xa finado– os veciños da parroquia foron convocados, logo da misa, polo seu veciño **Pablo Gómez** coa finalidade de que realizasen unha votación

¹⁹ N.R.C: “Frameán. Monterroso”, en *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. T.III. Ministerio de Cultura, Madrid, 1980, páxs. 136-138.

para pedir o posible troco ou non da festa do luns para o sábado anterior, ficando a do domingo dun xeito permanente.

O principal motivo da votación era por motivos laborais, xa que un bo número de veciños da comunidade parroquial non traballaba os sábados. Pois ben, o resultado da votación foi favorable ao cambio. Sen embargo cómpre dicir que, segundo os veciños de máis idade da parroquia, o luns era

o día no que acudían máis devotos doutras parroquias para realizar formular diferentes promesas á advocación mariana.

3. OS PEDIMENTOS.

Os pedimentos máis usuais adoitan facerse por doenzas humanas. Sen embargo, os devotos tamén formulan rogativas de carácter preventivo non só por doenzas, senón fronte a crises da propia facenda ou problemas de índole familiar e social. Ás veces, os pedimentos adoitan levarse a cabo por fieis que non poden acudir ao santuario por razóns de índole físico e psicolóxico.

4. AS PROMESAS.

A unidade básica de relación entre os devotos e a imaxe sagrada para acadar unha serie de beneficios é a promesa. Esta consiste basicamente nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus,



DEVOTA COLOCANDO CARTOS NO MANTO DA VIRXE

por medio de Cristo ou dunha serie de intermediarios ou mediadores como son as diferentes advocacións marianas e os santos. ***“Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxe...”***²⁰.

Polo tanto a promesa á divindade reproduce dun xeito claro o sistema social vixente, no que se moven dunha maneira xeral as relacións humanas en función do sentido da reciprocidade pragmática e na actuación de mediadores ou intermediarios. Estes teñen como finalidade lograr certas metas a cambio de cartos ou dunha posterior prestación cando chegue o momento axeitado. ***“Cando o campesiño mercantiliza as súas relacións relixiosas...o que tenta é traducilas a unha dialéctica coñecida, que lle proporciona dúas vantaxes fundamentais: a comprensión pragmática dunha interacción, de por si misteriosa, entre o natural e o sobrenatural, e unha certa seguridade ou dereito emanante da reciprocidade co intermediario”***²¹.

Podemos distinguir tres modelos de interacción entre os devotos e a divindade:

1º. A promesa é condicional, é dicir, o devoto acada o pedimento dalgún dos diferentes símbolos da divindade: Cristo, as diferentes advocacións marianas e os santos. Logo, este leva a cabo a promesa.

Trátase dun cumprimento “a posteriori”. A este tipo de promesa dáselle os nomes de ***“Ofrenda condicionada”***²² e ***“Petición Condicional”***²³.

2º. Algúns devotos veñen pregar, suplicantes, a mediación dalgún dos mediadores da divindade, xa mencionados, ante calquera problema cumprinco cunha serie de rituais e ofrendas.

Neste caso os distintos rituais e ofrendas, que os devotos realizan, teñen lugar denantes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de promesa recibe tamén os nomes de ***“Ofrenda propiciatoria”***²⁴ e ***“Devoción peticionaria”***²⁵.

²⁰ MOREIRAS SANTISO, Xosé: “A relixiosidade popular no sector rural”, en *Rev. Encrucillada*, nº 9, ed. Sept, Vigo, 1978, páx. 64.

²¹ GONDAR PORTASANY, Marcial: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros. Nós os galegos*. Vigo, 1993, páx. 153.

²² GONDAR PORTASANY, Marcial: “Racionalidade campesina y Relativismo cultural”, en *Antropología y Racionalidad*. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial: *Crítica da razón galega*, 1993, páx. 154.

²³ WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid, Tecnos, 1978, páx. 134.

²⁴ GONDAR PORTASANY, Marcial.

Ob. cit., 1980, páx. 60.

Ob. cit., 1993, páx. 154.

²⁵ WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr: *Ob. Cit.*, 1978, páx. 134.

3º. Finalmente, hai fieis que acoden todos os anos por algunha rogativa concedida pola divindade noutroira. A este tipo de promesa dáselle tamén o nome de *“Ofrenda de acción de gracias”*²⁶.

4.1. REALIZACIÓN DE RITUAIS.

1. A NOVENA.

Nove días dentantes da festividade mariana celébrase a súa novena cos seguintes actos:

1. Rezo do Santo Rosario.
2. Lectura de salmos na honra da advocación mariana da Saúde.
3. Oracións propias de cada día e oracións xerais.
4. Pedimentos á Virxe por parte dos fregueses asistentes ao acto.
5. Oración final.
6. Celebración da Santa Misa.

A este ritual acoden moitos fieis da parroquia e doutras limítrofes. Aínda hai o costume de tirar unha “bomba de palenque” no primeiro toque da campá dos tres que leva a cabo o sancristán para chamar ao acto aos fregueses da comunidades parroquial²⁷.



OFRENDA DUN RAMO DE FLORES Á VIRXE

²⁶ GONDAR PORTASANY, Marcial.
Ob. cit., 1980, páx. 60.

Ob. cit., 1993, páx. 154.

²⁷ Informante de Frameán: Pablo Gómez Regueira.

Asimesmo, tamén e tradición que a advocación mariana esté ao alcance dos fieis, que acoden a novena, para que poidan pasar os seus panos ou outros obxectos por diferentes partes da imaxe.

2. MISAS.



MISA SOLEMNE

Ata hai uns trinta anos –finais da década dos setenta do século pasado– a misa solemne case sempre se celebraba nunha chousa²⁸, chamada “*A Cudixeira*”, situada preto da igrexa

parroquial. Esta chousa era cedida polo seu dono para concelebrar as misas solemnes do primeiro domingo de setembro e luns seguinte²⁹, así como para realizar a festa profana.

A partir de comezos da década dos oitenta as misas solemnes do primeiro domingo de setembro e luns seguinte celebráronse durante varios anos no adro da igrexa parroquial, ficando a Virxe por riba dun carro³⁰.

No intre actual tanto as misas ordinarias³¹ como as solemnes ofíciáanse no interior da igrexa parroquial. Así, o primeiro día da festa, que é o sábado, só se celebra unha misa solemne a primeira hora da tarde. Pola contra, o domingo³² ofíciáanse varias misas ao longo da mañá, ao mediodía, para rematar aos comezos da tarde coa misa solemne³³.

²⁸ Porción de monte pechada e acoutado.

²⁹ A advocación mariana poñíase por riba dun carro e os cregos concelebraban a misa nunha mesa, disposta cos diferentes elementos sacros e colocada baixo un carballo.

³⁰ As misas solemnes do primeiro domingo de setembro e do luns seguinte oficiáronse tanto na Cudixeira como no adro da igrexa parroquial sempre que a climatoloxía era axeitada.

³¹ Chamadas tamén rezadas.

³² Primeiro domingo de setembro.

³³ Oficiada polo párroco da freguesía e un ou dous cregos de freguesías limítrofes.

3. RITUAL DE CONTACTO COA ADVOCACIÓN MARIANA.

Ademais, os romeiros tocan a venerada imaxe mariana coas súas mans, ou ben lle achegan panos, estampas e outros obxectos e, logo, pásanos pola cara e outras partes do corpo cunha finalidade precautoria e curativa.

4. RITUAL PROCESIONAL.

Antano, logo da misa solemne³⁴, saía a procesión que transcorría polo lado descuberto da chousa en dirección ao recinto sagrado, onde daba unha volta ao seu perímetro para introducirse despois no seu interior.

A
seus elementos
Ao
estandarte
“*Casa dos*
era portado case
membro desta
a cruz parroquial
fregués da
o patrón da
parroquial de
Pedro, portado
por catro
freguesía
continuación, a



disposición dos
era o seguinte:
comezo ía un
pertencente a
“*Regueira*”, que
sempre por un
familia. Seguíalle
levada por un
parroquia. Logo,
comunidade
Frameán, San
nas súas andas
fregueses da
susodita. A
advocación

RITUAL PROCESIONAL AO REDOR DO CRUCEIRO

mariana da Saúde, levada tamén nas súas andas por devotos de diferentes parroquias. Como remate da procesión, viñan os cregos concelebrantes e os devotos, colocados sen distinción de idade e sexo³⁵. Co paso dos anos a procesión trocou de itinerario, e así ao saír do adro da igrexa ía ó carón das “*Casas de Plácido, Xaquín, e Cruceiro*”, para rematar na igrexa parroquial.

³⁴ Cando se celebraba na chousa da “Cudixeira”.

³⁵ No intre actual xa non sae a imaxe do San Pedro. Polo demais, a disposición é a mesma que sempre.

A mediados da década dos noventa do século pasado, o traxecto da procesión fíxose máis longo debido á cantidade de relevos existentes. E así a procesión, logo de saír do adral, decorría polos espazos colindantes ás “*Casas de Lagar e de Regueira*”, ao “*Cruceiro*”, retornando á igrexa parroquial.

No obstante, este itinerario non funcionou, volvendo os ramistas da festa ao anterior, que xa estaba bastante consolidado no ámbito parroquial.

4.1. OS RELEVOS.



Trátase das remudas ou substitucións, que os devotos da advocación mariana van facendo das andas ao longo da procesión³⁶. Os relevos comezaban no momento en que os distintos elementos da procesión cruzaban o adral da igrexa, separado do exterior por un muro. A partir dese espazo vai un ramista³⁷ diante da advocación mariana e outro detrás, organizando os diferentes relevos que se van producindo no decurso da procesión³⁸.

Os devotos, que van facendo as remudas, botan un euro

PABLO COMEZA COS RELEVOS

de esmola³⁹ nuns gorros ou puchos, que levan os ramistas axeitados para a ocasión. As substitucións son só das andas da imaxe e levanse a cabo dun xeito rápido, sendo o seu momento máis álxido ao carón e preto dun cruceiro existente na parroquia⁴⁰. Polo tanto,

³⁶ Taboleiro con dous varais para levar algo, especialmente unha imaxe en procesión.

³⁷ Encargado da organización da festa.

³⁸ Ademais de Pablo e Félix de Anxo, que foron os fregueses que máis interviron como guías nas remudas e na subasta das andas e cintas, houbo ademais outros fregueses como Pepe da Remedios, Pepe da Hortensia e Jorge da Salud.

³⁹ A finais da década dos setenta do século pasado os devotos votaban vintecinco pesetas; logo cincuenta, cen ata chegaren ao intre actual no que adoita darse un euro.

os ramistas, encargados das remudas, van facendo as paradas oportunas para que os relevos se vaian realizando dunha maneira adecuada. Case sempre hai algúns devotos, que van por baixo da advocación mariana descalzos ou de xeonllos⁴¹.

Cando a
ao santuario, no
adral, o guía, que
advocación
deter a procesión
encargados de
Virxe que a
o comezo do adro
igreja⁴². Alí
tempo, permitindo
devotos poidan
das andas da
mariana, pasarlle
e por outras
consideren



procesión retorna
intre de chegar ao
vai diante da
mariana, manda
e pide aos
levar as andas da
introduzcan desde
ata a porta da
sosteñenna certo
deste xeito que os
pasar por baixo
advocación
panos polo manto
partes, que
axeitadas.

DEVOTOS DESCALZOS NA PROCESIÓN

Ata hai uns vinte e cinco anos a procesión, ao retornar á igrexa, daba unha volta ao seu perímetro⁴³.

No ano 2008 as andas da imaxe da Virxe da Saúde foron sacadas dende o interior da igrexa parroquial ata a porta metálica, que separa o adro do exterior, polos seguintes devotos⁴⁴:

Xosé Antonio Vázquez, Xosé Manuel García Seoane, Xosé Antonio Regueira e Fiz Gómez.

⁴⁰ Este ritual segue aínda realizándose nos santuarios da Virxe da Saúde en Líncora (Chantada), da Virxe de Cadeiras (Sober), na Virxe das Augas Santas (Pantón)...

⁴¹ Trátase normalmente dalgúns devotos, que teñen doentes nas súas familias.

⁴² Facemos referencia aos devotos que gañaron “a poxa” das andas o ano anterior.

⁴³ A supresión desta volta débese a que os rituais ligados á festividade da Virxe da Saúde remataban moi tarde.

RITUAIS: Misa solemne, relevos, poxa das andas e cintas para o ano vindeiro, rituais de contacto

⁴⁴ Trátase dos devotos que ganaron “a poxa” das andas o ano anterior.

Estes, cando retornou a procesión, foron os encargados de introducir de novo a imaxe da Virxe no adro da igrexa, onde se celebrou a “poxa”⁴⁵ das súas andas e cintas para o ano seguinte, e logo no interior da igrexa.

Pola contra, as cintas foron levadas durante todo o percorrido procesional por Xosé Martín, Luís Souto, Luís Gómez e Carlos Gómez. Estas non teñen remudas no traiecto procesional. Polo tanto, son portadas dende o comezo ata o seu remate polos mesmos fieis. Ademais, na “poxa”, teñen un valor inferior ao das andas.

En consecuencia non resulta inadecuado reflectir que dende sempre –segundo a tradición oral da comunidade parroquial– ***“os que poxan as cintas están ofrecidos por doenzas máis leves que os das andas”***⁴⁶.

5. A “POXA” DAS ANDAS E DAS CINTAS.

Ao rematar a procesión un ramista⁴⁷ leva a cabo no adro da igrexa “a poxa das andas e cintas” para o ano seguinte. Este adoita poñer case sempre un prezo de saída tanto ás andas como ás cintas, a partir do cal os devotos, que participan na “poxa”, van ofrecendo distintas cantidades polos produtos ata que ninguén ofrece máis, obtendo os produtos de “poxa” as persoas que fixeron a última oferta.

No ano **2007** a “poxa” foi realizada por Xosé Antonio Regueira, quedando do seguinte xeito:

5.1. CINTAS

- 5.1.1. C.A.D. (CINTA ANTERIOR DEREITA): 50 EUROS.
- 5.1.2. C.A.E. (CINTA ANTERIOR ESQUERDA): 50 EUROS.
- 5.1.3. C.P.D. (CINTA POSTERIOR DEREITA): 60 EUROS.
- 5.1.4. C.P.E. (CINTA POSTERIOR ESQUERDA): 70 EUROS.

⁴⁵ Poxa = Subasta.

⁴⁶ Informante: Blanca María Pacín Somoza. Frameán (Monterroso) (Lugo).

⁴⁷ Trátase dun dos organizadores da festa, tamén chamado “funcionalista”.

5.2. ANDAS

- 5.2.1. A.A.D. (ANDA ANTERIOR DEREITA): 110 EUROS.
- 5.2.2. A.A.E. (ANDA ANTERIOR ESQUERDA): 110 EUROS.
- 5.2.3. A.P.D. (ANDA POSTERIOR DEREITA): 115 EUROS.
- 5.2.4. A.P.E. (ANDA POSTERIOR ESQUERDA): 115 EUROS.

Ao ano seguinte –2008– “as poxas” das andas e cintas son realizadas por Xurxo Vázquez Besteiro, e resultan da seguinte maneira:

1. ANDAS.

- 1.1. A.A.D. (ANDA ANTERIOR DEREIRA).
DINÁMICA DA “POXA”: 80, 90, 95 EUROS.
Conseguíuna PEPE DE ARIAS.
- 1.2. A.A.E. (ANDA ANTERIOR ESQUERDA).
DINÁMICA DA “POXA”: 60, 80, 85, 90, 100 EUROS.
Acadouna MIGUEL CALVIÑO.
- 1.3. A.P.D. (ANDA POSTERIOR DEREITA).
DINÁMICA DA “POXA”: 60, 100, 105, 110 EUROS.
Logrouna CARMÉ FERNÁNDEZ.
- 1.4. A.P.E. (ANDA POSTERIOR ESQUERDA).
DINÁMICA DA “POXA”: 60, 100, 105, 110, 115.
Acadouna MARÍA XOSÉ VÁZQUEZ.

2. CINTAS.

- 2.1. C.A.D. (CINTA ANTERIOR DEREITA).
DINÁMICA DA “POXA”: 60, 70, 80, 85, 90, 100.
Levouna: EMILIO GARCÍA.
- 2.2. C.A.E. (CINTA ANTERIOR ESQUERDA).
DINÁMICA DA “POXA”: 60, 70, 90, 95, 100.
Conseguíuna: XESÚS VÁZQUEZ.
- 2.3. C.P.D. (CINTA POSTERIOR DEREITA).
DINÁMICA DA “POXA”: 60,70,75,90, 95, 100.
Acadouna: XESÚS VÁZQUEZ.
- 2.4. C.P.E. (CINTA POSTERIOR ESQUERDA).
DINÁMICA DA “POXA”: 60, 80, 85 EUROS.

Conseguíuna. EMILIO GARCÍA.

6. INGRESOS DAS “POXAS” E DOS “RELEVOS” NOS ANOS 2009-2010.

ANO 2009.

RELEVOS DE ANDAS

SABADO. PRIMEIRO DÍA DA FESTA: 80 EUROS.

DOMINGO. SEGUNDO E ÚLTIMO DÍA DA FESTA: 193 EUROS.

POXAS DE ANDAS E CINTAS

O produto da “poxa” das andas e cintas⁴⁸ foi de 935 Euros.

ANO 2010.

O produto da “poxa” das andas e cirios foi de 1690 Euros, que representa unha subida importante con respecto aos tres últimos anos. A razón específica deste feito radica no aumento de doenzas en varias familias do contorno⁴⁹.

4.2. OFRENDAS Á VIRXE DA SAÚDE.

Dende sempre os devotos desta advocación mariana levan a cabo unha serie de dons reflectidos do seguinte xeito:

1. Os cartos que os devotos penduran do manto da imaxe mariana.

Sábado: 150 Euros.

Ano 2010.

Domingo: 600 Euros.

⁴⁸ A “poxa” das andas e cintas lévase a cabo no intre actual o segundo día da festa que cae en domingo.

⁴⁹ Informante: Pablo

2. O diñeiro que os fieis entregan ao sancristán no transcurso das diferentes misas, que se ofician no santuario⁵⁰.
3. Os cartos acadados dos “relevos” das andas, e da “poxa” das andas e cintas realizadas o ano anterior⁵¹.
4. Os diferentes enfeites e roupa doada á Virxe ao longo dos anos. Entre algúns deles fago referencia aos seguintes:
 - Un manto bordado en ouro puro, ofrecido por un emigrante na Argentina hai uns trinta anos.
 - Un manto en azul alba, bordado en prata, e un vestido de prata, doados por un fregués da parroquia hai uns vinteseite anos.
 - Unha coroa de ouro macizo.
 - Un manto policromado de cor verde, bordado en ouro macizo.
 - Diferentes variedades de xoias.
5. Antano había moita ofrenda en especie, a base de carne de cocho, galiñas, polos, ovos, cereais... Ao rematar os oficios religiosos o sancristán poñíase enriba do muro, que circunda o recinto sagrado, e poxaba este tipo de ofrenda. O seu importe empregábase para sufragar algúns gastos ligados co culto do santuario e coa festa parroquial⁵². Á “poxa” acodían bastantes devotos, que mostraban interese por mercar algún produto en contacto coa imaxe sagrada do santuario. ***“En muchos de los santuarios estas ofrendas en especie se venden en subasta pública...; los devotos muestran gran interés en comprarlas porque su contacto con los santos las ha convertido en reliquias”***⁵³.

⁵⁰ Logo da comunión o sancristán vai pasando “o caixón da esmola” por toda a igrexa, e ao mesmo tempo vai dicindo: ***“Devotos da Virxe da Saúde”***.

⁵¹ Ver o apartado anterior que fai mención dos relevos e poxas das andas e cintas.

⁵² A ofrenda en especie mantívose ata comezos da década dos sesenta do século pasado.

⁵³ MARIÑO FERRO, X. R.: ***Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos***. Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 277.

IV. A DIMENSIÓN PROFANA DO SANTUARIO.

A festividade relixiosa, adicada á Virxe da Saúde, ten o seu complemento nunha vertente profana na que podemos distinguir tres aspectos:

1º. A actividade dinámica dos **“fogueteiros”**.

A véspera da festa, a xente nova, e, ás veces, non tanto, da comunidade de Frameán adícanse toda a noite e madrugada a tirar foguetes, impedindo deste xeito que os veciños poidan dormir. ¡Estamos en festa!

2º. O xantar cos invitados que serve para consolidar as relacións comunitarias.

3º. Os bailes que se celebran denantes do xantar e á noite.

V. ALGUNHAS INTERPRETACIÓNS SOBRE A FESTIVIDADE DA VIRXE DA SAÚDE DE FRAMEÁN.

No Santuario da “Virxe da Saúde” de Frameán os devotos levan a cabo unha serie de promesas, que están ligadas coa liturxia oficial: misas, procesión e esmola en metálico; e outras, que están relacionadas coa piedade popular: Os relevos das andas na procesión, as “poxas das andas e cintas”, o paso baixo as andas, e o colocar diñeiro no manto da Virxe da Saúde.

Isto posibilita que a devoción popular sexa a manifestación da emotividade persoal e se manifeste como a proiección daqueles fieis que están en contacto coa plástica simbólica, en contraposición aos que se centran no abstracto. **“Los fundamentos teolóxicos de un sistema religioso resultan bastante complejos para la gente comun, a causa del lenguaje conceptual en que están formulados”**⁵⁴.

Ademais, os devotos nas súas relacións coa sacralidade adoptan, as máis das veces, unha postura pragmática de tal xeito que a petición dunha serie de rogativas, como sandación de doenzas, protección da facenda familiar, encomendación polos recen nados etc., sexa sendo unha custión básica da devoción popular.

Por outra banda, o santuario aquí descrito non só manifesta a vivencia da identidade da comunidade parroquial, na que se localiza, senón tamén o sentido de apertura que lle dá a gran devoción que sinten outras comunidades pola súa imaxe.

⁵⁴ BASURKO, Xavier: “Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en **Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular**. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del País Vasco. Vitoria, 1982, páx. 307.

E isto foi e segue a ser debido á aparición e sucesión de milagres ao longo da historia do santuario. O milagro, segundo Ángela Muñoz, pode chegar a ser a concreción positiva dun acto de fe polo que se vincula o beneficiario dunha gracia cunha imaxe de devoción⁵⁵.

Ademais, a dimensión sacra transmítese ao exterior, dun xeito directo, por medio da procesión. Así, a imaxe, que sae na mesma, santifica o espacio que percorre proporcionando unha enerxía positiva a tódolos seres, que se encontran no mesmo. Respecto á disposición da procesión Álvarez Gastón distingue unha serie de trazos⁵⁶ : trátase de manifestacións máis multitudinarias non só polos participantes activos senón tamen polos numerosos espectadores. No interior da



DEVOTOS PASANDO BAIXO AS ANDAS DA VIRXE.

comunidade local é algo que chega vitalmente aos fregueses. Ademais, neste ritual é mester reparar na imaxe, no xeito de levala, nos fieis que toman parte e no que mira, así como no espírito da celebración reflectado nos rezos, e mesmo no silencio.

Finalmente a desagrarización desta comunidade, fenómeno que podemos transpolar a case toda Galicia, vai levando paseniño ao abandono dunha relixiosidade ligada a un tipo concreto de sociedade. Mais, sempre seguiran existindo pervivencias desta relixiosidade dende o intre en que as doenzas coas que se acode aos santuarios

⁵⁵ MÚÑOZ FERNÁNDEZ, Ángela: “El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular”, en *La Religiosidad Popular. I. Antropología e Historia*, Anthropos, Barcelona, 1989, páxs. 164-186.

⁵⁶ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religiosidad popular*, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 1981, pág. 7.

teñen un carácter xeral, e, ademais, a tecnoloxía médica aínda non é capaz de solucionar todos os males.

AGRADECEMENTOS:

Na realización deste traballo teño que darlle as grazas as seguintes persoas:

A **Blanca María Pacín Somoza**, quen me informou da existencia deste santuario e das promesas que alí se levaban a cabo.

Tamén a **Pablo Gómez Regueira**, ramista algúns anos das festas de Frameán, e asiduo colaborador de certos rituais, que se levan a cabo neste santuario, como “os relevos das andas” e a “poxa das andas e cintas”. Este veciño deume unha información detallada de múltiples aspectos ligados a este recinto sagrado.

Finalmente a **José Cancio Fernández** pola elaboración do mapa de localización.

VI. SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*. B.A.C., Madrid, 1976, páx. 36.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religiosidad popular*, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 1981, páx. 7.

BASURKO, Xavier: “Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular*. II Semana de Estudios de H^a Eclesiástica del País Vasco. Vitoria, 1982, páx. 307.

BLANCO PRADO, J. M: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación Provincial, 1991, páx.70.

BLANCO PRADO, J. M: *Exvotos e rituais nos Santuarios lucenses*. Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 13.

BLANCO PRADO, J. M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga, nº 12, 2002 Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carme Pernas Bermúdez, páx.71.

D. BOROBIO: *Religiosidad popular en la renovación litúrgica; criterios para una valoración*, Phase 89, Barcelona, 1975, páx. 347.

FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A.: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid: Ed. S. XXI, 1984, páx. 259.

GONDAR PORTASANY, Marcial: “Racionalidade campesina y Relativismo cultural”, en ***Antropología y Racionalidad***. Ed. Sálvora, Santiago, 1980, páx. 60.

GONDAR PORTASANY, Marcial: ***Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros. Nós os galegos***. Vigo, 1993, páx. 153.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M: ***Guía de festas populares de Galicia***, Vigo: Galaxia, 1997.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: ***Invitación a la Antropología cultural de España***. Madrid: Akal, 1980, páx. 93.

MALDONADO, Luís: “Los Santuarios en la religiosidad popular”, en ***Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular***. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P.Vasco, Vitoria, 1982, páx. 70.

MARIÑO FERRO, X. R.: ***Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos***. Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 277.

MOREIRAS SANTISO, Xosé: “A relixiosidade popular no sector rural”, en ***Rev. Encrucillada, nº 9***, ed. Sept, Vigo, 1978, páx. 64.

MÚÑOZ FERNÁNDEZ, Ángela: “El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular”, en ***La Religiosidad Popular. I. Antropología e Historia***, Anthropos, Barcelona, 1989, páxs. 164-186.

PRAT I CAROS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en ***La Religiosidad popular, III***. Hermandades, Romerías, Santuarios. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

RIELO CARBALLO, Nicanor: “Frameán. Monterroso”, en ***Inventario Artístico de Lugo y su provincia***. T. III. Ministerio de Cultura, Madrid, 1980, páxs. 136-138.

ROMÁN DÍAZ, Berta: “Monterroso”, en ***Galicia, pueblo a pueblo***, La Voz de Galicia, 1993, páx. 805.

TOSCHI, P.: “Guida allo studio delle tradizioni popolari”. ***Serie di Antropología, etnología e religione***, 5ª ed, Boringheri, Torino, 1974, páx. 24.

WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr.: “De los santos a María: panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la Edad Media hasta nuestros días”, en ***Temas de Antropología española***, Madrid: Akal, 1976.

WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr.: ***Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español***. Madrid, Tecnos, 1978, páx. 134.

VII. OUTRAS ILUSTRACIÓNS.



RITUAL DE CONTACTO



DEVOTOS BAIXO AS ANDAS DA VIRXE



A PROCESIÓN RETORNA AO ADRAL



DEVOTOS LEVANDO AS CINTAS DA VIRXE



POXA DAS ANDAS E CINTAS



DEVOTOS PASANDO BAIXO AS ANDAS DA VIRXE.



ALGÚNS ELEMENTOS QUE INTERVEÑEN NA PROCESIÓN



DEVOTA COLOCANDO DIÑEIRO NO MANTO DA VIRXE



DIÑEIRO COLOCADO NO MANTO DA VIRXE